




Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



“Rodando pola nosa historia”

Actividade en bicicleta para

Educación Primaria e Secundaria





Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



Desde a Sección de Educación Viaria da Policía Local da Coruña, seguindo as liñas marcadas pola Axenda 2030 de obxectivos de desenvolvemento sostible establecidos pola ONU, estamos a traballar dous obxectivos educativos: a **seguridade viaria e a mobilidade sustentable**, dous contidos inseparables. Este é o enfoque que teñen os países con menor accidentalidade viaria e maior calidade ambiental.

A mobilidade ten sen dúbida un valor positivo, pero tamén ten unha carga negativa, os accidentes de tráfico e a contaminación (provoca máis de 16.000 mortes prematuras ao ano). Os policías locais estamos especialmente sensibilizados con estes problemas, levamos máis de 30 anos adicando esforzos a educar aos escolares de diferentes idades cunha visión da Educación Viaria integral, inicial e permanente.

Na procura de que A Coruña se convirta nunha cidade máis amable co medio, máis segura e máis saudable, ofertamos esta actividade en bicicleta que ten ademáis o obxectivo de mesturar a educación viaria, para aprender a moverse en bicicleta de forma segura, e os contidos escolares. Cada ano procuramos conseguir que guías oficiais, caracterizados de personaxes relevantes da nosa historia como María Pita, Sir Jhon Moore, Breogán ou Eusebio da Guarda, ensinen ao alumnado a historia, os segredos e anécdotas que esconden as rúas e edificacións da Coruña. Así cando concertamos a actividade co centro educativo, procuramos que o profesorado escolla a visita guiada que mellor se adapte aos contidos escolares que están a impartir.



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA

Actividade para alumnado de

5º e 6º de Primaria e da E.S.O.

OBXECTIVOS:

- Aprender a moverse pola Coruña en bicicleta, iniciando aos nenos e nenas a partir dos 10 anos e convidando a aqueles pais e nais ou outros familiares que nos queiran e poidan acompañar.
- Relacionar unha actividade de educación viaria con contidos do currículo escolar.
- Motivar ás novas xeracións de coruñeses e coruñesas a valorar a nosa contorna e ser máis coidadosos coa nosa cidade e co medio.

ACTIVIDADES:

As actividades para esta idade están organizadas en **2 SESIÓNS:**

1ª SESIÓN: **As estacións da bicicleta:** no ximnasio do centro organízanse tres obradoiros polos que o alumnado ten que ir rotando.

- **Estación de seguridade viaria:** charla impartida por ciclistas da Policía Local.
- **Estación de ergonomía:** impartido por Escola da Bici.
- **Estación de mecánica:** impartido por técnicos de BiciCoruña.

“En función da disponibilidad ofertaremos tamén a visita guiada”

2ª SESIÓN: **Saída temática en bicicleta.** idade e dos contidos escolares recollidos no currículo organizamos a ruta en bicicleta puidendo elixir entre:



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



- María Pita nos ensina a súa Praza e a Cidade Intramuros. Da man de María Pita, a nosa heroína coruñesa, descubrirás as rúas prazas xardíns e casonas da Coruña Intramuros.
- O héroe británico, Sir Jhon Moore, amósanos de primeira man a histórica fortaleza do Castelo de San Antón.
- Breogán, o pai dos celtas, amosa o mundo mitolóxico e interpreta esta terra sagrada do Parque Escultórico da Torre de Hércules.
- Con Eusebio da Guarda, promotor da Escola de Belas Artes onde, á idade de 10 anos Picasso iniciou os seus estudos de arte, coñecerás os lugares que o inspiraron.

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 1ª Sesión “Estacións de bicicleta”: 1h30.
- 2ª Sesión “Saída temática en bicicleta”: unha mañá. (En función da dispoñibilidade)

RECURSOS:

- Proxector e reprodutor de vídeo.
- Ximnasio do centro educativo.
- Bicicletas e cascos.